

Materia: TIC II Curso: 2º BAC Carga lectiva: 3h/semana

Presentación da materia

Esta materia ten por finalidade dotar ao alumno das ferramentas dixitais básicas para adaptarse aos continuos avances nas novas tecnoloxías relacionadas coa comunicación, o seu uso correcto e o riscos potencial que poden xurdir.

A materia preséntase como unha continuación dos conceptos aprendidos en Tecnoloxías da Información e a Comunicación 1 Bacharelato. Neste curso estúdanse as bases de diferentes linguaxes de programación en función da súa aplicación final, apréndese a desenvolver páxinas web mediante o uso de ferramentas específicas adaptadas ao nivel do alumno. Entre os contidos atópase un bloque dedicado de forma específica á seguridade informática, a protección de datos persoais e o valor real do big data para as empresas e institucións.

Esta materia é totalmente práctica, aínda que en todas as avaliacións, hai conceptos teóricos.

Materia fundamental para os alumnos/as que queiran cursar unha carreira de ciencias: Enxeñaría, Física, Matemáticas, Grados duais, Ciclos formativos superiores de Informática, mantemento...

Para cursar esta materia é necesario ter cursada a TIC I de 1º de BAC, dado que é unha continuación na formación completa nas TICs.

Sistema de avaliación: 70% media das actividades prácticas e 30% media dos Test

Contidos

- Programación en Pseudocódigo
- Introducción a Programación en JAVA
- Programación avanzada de Apps para Android
- Deseño e impresión de obxectos en 3D